Blechnum spicant (L.) Roth, 1794

- fenta, fento pente, f. fero, espiña de peixe, blechno
- lonchite, lonquite, doradilla de bosque
- iratze eme, sorgin iratzea
- blècnum
- deer fern, hard fern
- feto pente



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Monilophyta	**Polypodiopsida**	**Athyriales**	**Blechnaceae**	***Blechnum***

ORIXE

Europa, América do Norte, e norte de África.

CARACTERÍSTICAS

Ten dous tipos de frondes. As estériles son trofófilos que están dispostos en roseta e son curtos e peciolados, con pinnas oblongas e anchas (3-6 mm). As fértiles son esporófilos que son máis escasos, medran dende o centro, son máis altos e teñen pecíolos longos, con pinnas estreitas e espazadas, e a miúdo teñen unha cor avermellada. O rizoma é groso, oblicuo ou erecto, e está cuberto por escamas pardo escuras.

HÁBITAT

Zonas frescas, húmidas e sombreadas, como bosques caducifolios (carballeiras), ribeiras e noiros rezumantes, preferindo solos ácidos e ricos en materia orgánica.

DISTRIBUCIÓN

Europa, norte de África, Asia menor e o Cáucaso, e o oeste de América do Norte.

CURIOSIDADES

Os indíxenas Hesquiaht do noroeste do Pacífico mastigaban as súas follas para mitigar a fame durante as viaxes longas. Ademais, os rizomas son unha fonte de alimento en situacións de extrema necesidade.